



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE
GALEGO

REGULAMENTO XERAL DE COMPETICIÓNS **FEGAXA**

- Aprobado pola Comisión Delegada da FEGAXA o día 31 de outubro de 2015.
- Modificado pola Comisión Delegada da FEGAXA o día 26 de febreiro de 2016.
- Modificado pola Asemblea Xeral Ordinaria da FEGAXA o día 20 de marzo de 2016.
- Modificado pola Comisión Delegada da FEGAXA o día 02 de febreiro de 2018.
- Modificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAXA o día 16 de decembro de 2018.
- Modificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAXA o día 21 de decembro de 2019.
- Modificado pola Comisión Delegada da FEGAXA o día 24 de Xaneiro de 2020.
- Modificado pola Asemblea Xeral Ordinaria da FEGAXA o día 11 de Xullo de 2020.
- Modificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria da FEGAXA o día 28 de Outubro de 2023.
- Modificado pola Asemblea Xeral Ordinaria da FEGAXA o día 22 de Xuño de 2024.
- Modificado pola Comisión Delegada o día 22 de Novembro de 2024.



INDICE

TITULO I	OBXETO E AMBITO DE APLICACIÓN.....	3
TITULO II	DAS LICENZAS FEDERATIVAS.....	3
TITULO III	XOGADORES E CLUBES.....	4
Capítulo 1º	Xogador/a federado/a.....	4
Capítulo 2º	Clube federado.....	5
Capítulo 3º	Incompatibilidades.....	5
Capítulo 4º	Dereitos dos xogadores/as e dos Clubes.....	5
Capítulo 5º	Deberes e Obligacións dos xogadores/as e Clubes..	7
TITULO IV	COMPETICIÓNS.....	8
Capítulo 1º	Organización das Competicións.....	8
Capítulo 2º	Da Participación de Deportistas e Clubes....	9
Capítulo 3º	Do Organizador.....	10
Capítulo 4º	Da Sala de Xogo.....	10
Capítulo 5º	Das Condicións de Participación nos Campionatos Galegos.....	11
Capítulo 6º	Dos Órganos de Dirección Técnica.....	11
Capítulo 7º	Do Delegado Federativo.....	11
Capítulo 8º	Da Organización Técnica.....	12
Capítulo 9º	Das Competicións por Equipos.....	14
Capítulo 10º	Das Competicións Individuais.....	15
TITULO V	CAMPIONATOS GALEGOS INDIVIDUAIS.....	17
	Torneos Provinciais.....	18
	Fases Finais.....	19
	Campionato Galego Individual de Rápidas...	21
	Campionato Galego Individual Lóstrego.....	21
TITULO VI	CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN.....	22
TITULO VII	CIRCUITO GALEGO INTERNACIONAL.....	23
TITULO VIII	LIGA GALEGA POR EQUIPOS DE CLUB.....	28
TITULO IX	CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB	37
TITULO X	DO CONTROL DO DOPAXE.....	39
TITULO XI	DAS SELECCIÓN GALEGAS.....	39
TITULO XII	RECURSOS E RECLAMACIÓN.....	40
	DISPOSICIÓN DEROGATORIAS.....	41
	DISPOSICIÓN FINAL.....	41



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE
GALEGO

TITULO I - OBXETO E AMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.

O presente Regulamento Xeral de Competicións (RXC) ten por obxeto, a regulación das distintas licenzas federativas, da organización e control das probas organizadas, subvencionadas ou delegadas pola Federación Galega de Xadrez (FEGAXA), do control do dopaxe e da organización deportiva xeral da FEGAXA.

Artigo 2º.

A presente disposición aplicarase a todas as persoas físicas ou xurídicas que practiquen, participen ou interveñan, no desenvolvemento de calquera modalidade de xadrez, federado en Galicia competencia de esta Federación.

TITULO II - LICENZAS FEDERATIVAS

Artigo 3º.

1.- Os efectos do presente Regulamento, entendese por licenza federativa, o documento expedido pola FEGAXA que acredita a afiliación do seu titular a mesma, será válida á ata o final do ano da súa expedición. Será tramitada e validada na FEDA.

A tempada deportiva da Federación Galega de Xadrez é o ano natural.

Denomínase, en adiante, “xogador” ao deportista federado, entendéndose que pode ser de sexo masculino ou feminino. O mesmo criterio debe aplicarse a “árbitro”, “adestrador” e “monitor”.

2.- A FEGAXA emitirá unha licenza federativa, individual, anual, para cada persoa. Esta licenza será uniforme para os membros de cada estamento e categoría.

3.- A licenza federativa, en función do seu destinatario, presentará as modalidades seguintes:

- a) Licenza de xogador.
- b) Licenza de árbitro.
- c) Licenza de adestrador.

4.- As persoas físicas ou xurídicas titulares de unha licenza federativa, terán os dereitos e as obrigacións establecidas nos estatutos da FEGAXA, no presente Regulamento, no Regulamento Disciplinario e demais normas que lle sexan de aplicación.

Artigo 4º.

Na licenza, segundo a modalidade de que se trate, deberán constar imprescindiblemente, en galego e castelán, os datos seguintes:

a) Licenza de xogador: número de identificación, nome e apelidos, nomes das federacións española e galega, nome do club, ano para a que está en vigor, número de D.N.I., ano de nacemento, cotas abonadas desglosadas, datos do seguro deportivo e calquera outro dato que se considere de interese.

Para os xogadores independentes (sin club), de existir, pertencentes a FEGAXA deberá constar a palabra “independente” en lugar do nome do club.

b) Licenza de árbitro: número de identificación, nome e apelidos, nomes das federacións española e galega, nome do clube, categoría a que pertence, ano



para a que está en vigor, número de D.N.I., ano de nacemento, cotas abonadas desglosadas e calquera outro dato que se considere de interés.

- c) Licenza de adestrador:** número de identificación, nome e apelidos, nomes das federacións española e galega, nome do clube, categoría a que pertence, ano para a que está en vigor, número de D.N.I., ano de nacemento, cotas abonadas desglosadas e calquera outro dato que se considere de interés.

Artigo 5º.

A posesión da licenza federativa é obligatoria para participar en tódolos eventos xadrecísticos oficiais e homologados pola FEGAXA e FEDA, especialmente:

- a) Campionatos Galegos.
- b) Torneos celebrados en España, valediros para normas ou ranking.
- c) Participar en Torneos Internacionais representando a FEGAXA.
- d) Participar en cursos oficiais de formación ou reciclaxe da FEGAXA e FEDA.

Artigo 6º.

1.- As cotas federativas serán aprobadas pola Asemblea Xeral da FEGAXA e entrarán en vigor na tempada seguinte a súa aprobación.

2.- A tramitación das licenzas faránse a FEDA no prazo mais curto posible para constancia da mesma e con efecto en todo o territorio estatal.

3.- A xunta directiva da FEGAXA poderá establecer procedementos para a renovación, alta e baixa das licenzas mediante formularios que se procesarán por rede informática e programas informáticos de intercambio de datos.

4.- A FEGAXA non expedirá licenzas si non están previamente aboadas. Excepcionalmente, a xunta directiva da FEGAXA poderá acordar un prazo determinado para a súa liquidación pero sempre antes de finalizar o ano en curso.

5.- A FEGAXA deberá contratar un seguro obligatorio, según o artigo 23.2 da Lei do Deporte 39/2022, do 20 de decembro e según o Real Decreto 849/93, do 4 de xuño, polo que se determinan as prestacións mínimas do seguro obligatorio deportivo.

6.- Os clubs poderán tramitar altas novas durante todo o ano, sendo o prazo de validez das mesmas á o día 31 de decembre do ano da emisión.

7.- No caso de que un xogador cambiara de club durante o transcurso da tempada, deberá de novo aboar a nova licenza que se emita.

8.- As licenzas poderán estar soportadas en papel, cartón, plástico ou calquera outro material que sexa adecuado para o uso propio deste documento. Poderánse expedir en soporte informático, figurando na web da FEGAXA para a súa consulta e acreditación.

TITULO III - XOGADORES E CLUBES

Capítulo 1º - Xogador Federado.

Artigo 7º.

1.- Entenderase por xogador federado, todo xogador que posúe unha licenza da FEGAXA expedida a seu nome e en vigor.



2.- Para a participación nas competicións xadrecísticas organizadas pola FEGAXA ou FEDA será obrigatoria a posesión desta licenza.

3.- Poderáanse establecer prazos para permitir a participación en determinadas competicións. A FEGAXA poderá expedir altas novas durante todo o ano, sendo o prazo de validez das mesmas á 31 de decembro.

Capítulo 2º - Clube Federado.

Artigo 8º.

1.- Enténdese por club federado, todo club que se atope nas listas da FEGAXA; estando en vigor a súa alta, e as cotas anuais aboadas e poder participar nas competicións organizadas pola FEGAXA.

2.- A FEGAXA tramitará a súa alta na FEDA para poder participar nas competicións estatais.

3.- Un Club poderá ceder a outro a totalidade dos seus dereitos deportivos, sin ningún tipo de contraprestacións, sempre que dito club desaparezca dándose de baixa nos rexistros deportivos oficiais, e só poderase formalizar o término de unha tempada, para que se poda executar na seguinte. A FEGAXA non autorizará dito acordo si o club que cede os dereitos ten débedas pendentes e non asumidas pola nova entidade. Sempre asustándose o regulamentado para cada competición deportiva.

4.- No caso de fusións ou absorcións de clubs, o club resultante terá os dereitos e obrigacións de ambas dúas entidades, ademais de ser de aplicación o contemplado no apartado anterior.

Capítulo 3º - Incompatibilidades.

Artigo 9º.

O xogador federado estará sometido as seguintes regras en materia de incompatibilidade:

- a) Non se poderá dispoñer de máis de unha licenza en vigor, por estamento, expedida pola FEGAXA.
- b) Ningún xogador poderá estar federado, a vez, en máis de un club.

Artigo 10º.

No caso de confirmarse unha duplicidade, comprobarase a autenticidade das licenzas a través dos clubs correspondentes, que deberán aportar a documentación acreditativa nun prazo de 10 días. Si non o fixeran, anularanse as licenzas que non resulten debidamente acreditadas, sin perxucio de outras sancións disciplinarias as que houbera lugar.

Capítulo 4º - Dereitos dos Xogadores e Clubs.

Artigo 11º.

Os xogadores federados de nacionalidade española, que non estén suxectos a sanción disciplinaria que llo impida, terán ademais de outros que podan corresponderlle especificados nos Estatutos da FEGAXA, os dereitos seguintes:



- a) Participar nos Campionatos, si cumpren os demais requisitos deportivos establecidos para cada un dos mesmos.
- b) Formar parte das listas que se establezcan para a obtención de becas e outras axudas.
- c) Participar en todas as probas oficiais de organización aberta que se celebren en territorio nacional, coas limitacións de inscricións relativas a prazas en número de participantes.
- d) Representar a España e Galicia en competicións internacionais, tanto individuais como por equipos.
- e) Que sexan contabilizadas no ranking nacional e internacional tódalas súas actuacións nas probas oficiais valedoras para ranking.
- f) Que sexan remitidos á FEDA e á FIDE os resultados obtidos nas probas valedoras para ranking e celebradas en territorio nacional.
- g) Que se vexa que sexan contabilizados pola FEDA e FIDE, tanto para ranking como para normas e títulos, os resultados obtidos en competicións disputadas e postas en coñecemento da FEGAXA.
- h) Que sexan solicitados a FEDA e FIDE os títulos os que por os seus resultados se fixeran acreedores.
- i) Obter calquera tipo de designación, axuda ou subvención que pudiera corresponderlle da FEGAXA ou FEDA.
- j) Percibir remuneración económica de calquera especie.
- k) Todo xogador federado terá dereito a que se solicite ou trámite pola FEGAXA ante á FEDA e á FIDE, do cambio de bandeira que solicite.

Artigo 12º.

Os clubs federados que non estean suxeitos a sancións que llo impidan, terán ademais de outros que poidan corresponderlle especificados nos Estatutos, os dereitos seguintes:

- a) Que os xogadores con licenza en vigor a el pertencentes sean admitidos a participar nas probas federativas, de acordo as normas que para cada competición de establezcan.
- b) Que os seus equipos representativos en cada categoría, sexan admitidos a participar nas probas federativas de acordo coas normas que para cada competición se establezcan.
- c) Solicitar a organización dos diferentes campionatos galegos, e optar a súa concesión de acordo coas normas dictadas pola FEGAXA.
- d) Representar a Galicia nas competicións nacionais, sempre que se faga acreedor o posto de acordo coas normas dictadas.
- e) Participar en calquera competición autonómica, nacional e internacional organizada ou tutelada pola FEGAXA, FEDA ou FIDE.
- f) Organizar calquera outra competición homologada pola FEGAXA ou FEDA, sempre que na súa organización, bases e desenvolvemento se cumplan o establecido para a mesma.



Capítulo 5º - Deberes e Obrigacións dos Xogadores e Clubs.

Artigo 13º.

Os xogadores federados terán, ademais de outras que lle poidan corresponder de acordo cós Estatutos, e demais normas que lle sexan de aplicación, as obrigacións seguintes:

- a) Acatar as decisións dos órganos de goberno da FEGAXA, sin perxucio dos recursos que legal ou estatuariamente podan interpoñer.
- b) Mostrar en todo momento un comportamento correcto cos compañeiros, árbitros, organizadores, etc., e unha conducta ética e deportiva que ó practicante deste deporte se lle pide.
- c) Representar á FEGAXA nas competicións nacionais cando sexan seleccionados por esta, ou se fixeran acreedores a esta representación polos resultados deportivos.
- d) Aterse as normas establecidas neste Regulamento, para a súa participación nos distintos campionatos.

Artigo 14º.

Os clubs federados terán, ademais doutras que lle poidan corresponder de acordo cós estatutos e demais normas que lle sexan de aplicación, as obrigacións seguintes:

- a) Ceder os seus xogadores para que acudan os compromisos e competicións en que intervenha a FEGAXA, formando parte do equipo galego, cando sexan seleccionados, ou se fagan acreedores o posto polos seus resultados deportivos, antepoñendo esta obriga a calquera outro compromiso que poida ter o club nas mesmas datas.
- b) Permitir ós seus xogadores federados participar nas competicións organizadas ou homologadas pola FEGAXA, especialmente nas probas contempladas neste regulamento.
- c) Non permitir que nas probas que organice, concedidas ou homologadas pola FEGAXA, participen xogadores que non estean en posesión da licenza correspondente en vigor.
- d) Cumplir e facer cumprir en tódalas competicións as normas que en cada momento a FEGAXA, FEDA e FIDE teñan en vigor.
- e) Cursar ao organismo federativo correspondente as solicitudes e reclamacións que os seus xogadores lles presenten, relativas a súa actuación nas diversas probas nas que participara ou poida participar; así como calquera outra petición razonada de interese para o xogador e que necesite do apoio e tutela do club.
- f) Tramitar anualmente as licenzas federativas do seu club e dos seus xogadores á FEGAXA, nos prazos que se determinen, nas condicións establecidas neste regulamento.
- g) Acatar as decisións dos Organismos Federativos, sin perxucio dos recursos que legalmente lles poidan corresponder.
- h) Comunicar os cambios de denominación, ou demais datos documentais que sufra o club, así como as baixas ou cambios nos rexistros deportivos e administrativos correspondentes.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE
GALEGO

- i) Aterse as normas establecidas neste regulamento, para a súa participación nos distintos campionatos oficiais.
- j) Aterse o establecido neste regulamento, e as normas que para cada competición se dicten, para a confección dos seus equipos, tanto de xogadores titulares como de suplentes.

Artigo 15º.

Todo equipo ou xogador que sexa eliminado por incomparecencia ou causas similares dun torneo, perderá os dereitos económicos ou deportivos que poidera percibir no torneo, sin perxucio das sancións disciplinarias que poideran ter.

TITULO IV - COMPETICIÓN.

Capítulo 1º - Organización das Competicións.

Artigo 16º.

1.- A organización das competicións oficiais da FEGAXA e, por tanto, a garantía da súa celebración correspondelle a Federación Galega de Xadrez.

2.- A FEGAXA poderá adxudicar dita organización a un club, entidade, organismo ou organizador, sempre que o cumprimento das normas establecidas queden garantidas mediante contrato ou convenio escrito, si se considera necesario.

3.- A FEGAXA deberá organizar anualmente, como mínimo, as probas seguintes:

- Campionatos Galegos Individuais.
- Liga Galega por equipos de Club.

4.- A FEGAXA poderá organizar directamente as competicións ou convocar concursos de ofertas para a organización das súas competicións que figuran no calendario deportivo anual. Neste caso a xunta directiva publicará unha circular cos detalles que debe conter cada oferta para cada competición, o prazo de presentación e as condicións de concesión. Si non houbera ofertas, ou non fora conveniente a concesión a ningunha das presentadas en unha ou varias competicións concretas a xuício da xunta directiva da FEGAXA, poderase optar pola convocatoria dun novo concurso ou pola organización directa da competición por parte da FEGAXA.

5.- A FEGAXA poderá aprobar unha denominación específica para cada competición de acordo con posibles patrocinadores ou para a propia publicidade da competición.

Artigo 17º.

O canón de incrición de cada competición así como a compensación de gastos de desprazamento (si os houbera), estableceráanse nos orzamentos anuais, serán aprobados pola xunta directiva da FEGAXA e estableceranse nas respectivas circulares de convocatoria.

Artigo 18º.

Os honorarios dos árbitros que interveñan nos campionatos, así como os gastos de desprazamento, estancia e manutención, irán con cargo os orzamentos da FEGAXA, salvo que o organizador se faga cargo dos mesmos en función do concurso de ofertas que se faga.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE
GALEGO

Artigo 19º.

En tódolos campionatos galegos, antes do inicio da primeira rolda, poderá constituirse un Comité de Apelación segundo os requisitos establecidos neste regulamento.

Artigo 20º.

As decisións técnicas do Árbitro Principal no transcurso das partidas son inapelables. As reclamacións ante unha decisión arbitral habrán de dirixirse o Comité de Apelación, por escrito, firmado polo delegado (solamente si se trata de competicións por equipos) e o xogador interesado, no prazo de unha hora despois de finalizada a partida ou o encontro, no caso de por equipos, no que se produxo o feito obxecto da reclamación. Podendo variar este prazo si se celebra outra rolda de seguido.

Artigo 21º.

O Árbitro Principal comprobará o cumprimento do conxunto das condicións e requerimentos do xogo.

Artigo 22º.

- 1.- O acceso a sala de xogo para participantes e público abrírase 30 minutos antes do comenzo de cada rolda excepto no previsto para a recepción inicial. Os xogadores, árbitros, capitans de equipos e persoas autorizadas pola organización deberán levar ben visible a credencial que se lle entregara sin a cal non poderán acceder o recinto a sala.
- 2.- Os participantes que precisen abandonar a sala de xogo no transcurso da súa partida deberán solicitálo equipo arbitral. Os xogadores, unha vez terminadas as súas partidas, abandonarán a zona habilitada para o xogo.

Capítulo 2º - Da Participación de Deportistas y Clubs.

Artigo 23º.

- 1.- Os xogadores federados españois con dobre nacionalidade terán a consideración de españois a todos os efectos.
- 2.- Os xogadores federados para participar nas competicións oficiais deben ter bandeira FIDE española e cumprir as bases e requisitos propios de cada competición.
- 3.- Os xogadores extranxeiros menores de 18 anos podrán participar en todas as competicións oficiais de ámbito estatal si dispoñen de tarxeta de residencia ou están escolarizados en España. Deberán tamén constar na FIDE baixo bandeira española.
- 4.- Os xogadores extranxeiros maiores de 18 anos poderán participar en todas as competicións oficiais de ámbito estatal si cumpren as condicións seguintes:
 - a) Acreditación de residencia en España con tres anos de antigüidade.
 - b) Constar na FIDE baixo bandeira española.
 - c) Cumprir as bases e normas da convocatoria de cada competición.
- 5.- Para representar a Galicia nas competicións será necesario ter nacionalidade española, residencia ou nados na comunidade e constar na FIDE baixo bandeira española.

Capítulo 3º - Do Organizador.

Artigo 24º.

Entenderase como Organizador a persoa ou entidade a quen se concedera pola FEGAXA a organización dun campionato determinado.

Artigo 25º.

- 1.- A FEGAXA poderá convocar concurso para a organización dos campionatos oficiais, segundo o previsto neste regulamento e na convocatoria que se realice a tal efecto.
- 2.- Conocidos os requisitos, abrirase un prazo para que os organizadores envíen as súas propostas a FEGAXA. As propostas para organizar os campionatos deberán dirixirse a xunta directiva da FEGAXA, debendo ésta decidir a adjudicación correspondente (tendo en conta as mellores ofertas, tanto organizativas como deportivas), ou ben asumir directamente a organización da proba.
- 3.- As ofertas poderán ir acompañadas dunha oferta económica destinada a financiar total ou parcialmente o orzamento do campionato.

Capítulo 4º - Da Sala de Xogo.

Artigo 26º.

- 1.- A sala de xogo deberá ter unha amplitude suficiente, proporcional o número estimado de participantes. Tamén deberá ter boa luminosidade, ausencia razoable de ruidos, fácil acceso os servizos e unha temperatura agradable para un mellor desenvolvemento do xogo. Ademais das mesas de xogo e sillas, deberá haber mesas e sillas para os árbitros e, en lugar ben visible, o cadro de clasificación e un tablón de anuncios coa información oficial do campionato.
- 2.- As sillas deberán ser cómodas e de altura proporcional a das mesas de xogo.

Artigo 27º.

- 1.- Os taboleiros deberán ser de madeira, plástico ou de un material similar, pintados ou acabados en cores mates, para evitar o reflexo da luz, e os cadros deberán de ter de 4,5 a 6 centímetros de lado.
- 2.- As pezas serán do modelo Staunton ou similar, dos números 5 ou 6, gardando armonía co tamaño do cadro.
- 3.- A previsión de taboleiros e xogos de reposto para substituír posibles perdas será do 5% do total.

Artigo 28º.

Nos reloxos se procurará que sexan de parecida construción para gardar a uniformidade e de marcas que ofrezan garantía de fiabilidade. A previsión de reloxos de reposto para substitucións será do 15% do total.

Artigo 29º.

Nos campionatos oficiais, poderá retransmitir partidas a través de internet, as de maior interese en cada rolda. A FEGAXA, si o organizador o solicita, poderá facilitar o material de retransmisión correspondente.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE
GALEGO

Capítulo 5º - Das Condicións de Participación nos Campionatos Galegos.

Artigo 30º.

- 1.- O aloxamento dos xogadores e árbitros que acudan con cargo os orzamentos da FEGAXA nos campionatos galegos deberá de ser en hoteles (ou residencias) o mais acordos posible. Será o hotel oficial para a proba.
- 2.- A sala de xogo deberá de estar no mesmo hotel oficial, ou nun local próximo a él.
- 3.- A manutención será no mesmo hotel de aloxamento ou nun restaurante próximo.
- 4.- Rexirase polas condicións e na forma que se marque na convocatoria de cada proba.

Artigo 31º.

Publicarase diariamente na páxina web da FEGAXA e/ou na web oficial do campionato as informacións relativas o campionato.

Artigo 32º.

Terase información do seguro obligatorio deportivo e, a ser posible, con un médico titular da competición localizable de forma rápida e con fácil acceso a él.

Capítulo 6º - Dos Órganos de Dirección do Torneo.

Artigo 33º.

- 1.- A FEGAXA nombrará un Delegado Federativo en cada competición.
- 2.- O Delegado Federativo nombrado, poderá ser tamén o Director do Torneo, é terá as funcións que se detallan neste regulamento.

Artigo 34º.

- 1.- O Comité Técnico de Árbitros da FEGAXA, designará o árbitro principal e os árbitros adxuntos, si procede, que deberán ser árbitros titulados acorde o nivel da competición.
- 2.- O organizador poderá completar o cadro técnico cos árbitros auxiliares necesarios.

Capítulo 7º - Do Delegado Federativo.

Artigo 35º.

O Delegado Federativo deberá ter probada experiencia na organización de probas e será nombrado polo Presidente da FEGAXA.

Artigo 36º.

O Delegado Federativo terá entre outras funcións propias do seu cargo, que lle poden ser encomendadas polo Presidente da FEGAXA, as funcións seguintes:

- a) Representar a FEGAXA.
- b) Exercerá funcións no órgano disciplinario do campionato.
- c) Colaborar cos organismos, clubs e persoas interesadas na organización.
- d) Auxiliar e asesorar o Presidente ou Xunta Directiva da FEGAXA.
- e) Ter coñecemento das bases técnicas antes de ser publicadas, por si pode aconsellar o árbitro principal sobre as mesmas.



- f) Vixilar durante a competición, estando presente na mesma, que se cumpra pola organización todo o especificado, e igualmente que a actuación da organización técnica esté de acordo os regulamentos, as bases establecidas e as leis e normas FIDE.
- g) Informar o Presidente da FEGAXA do acontecido no desenvolvemento dos campionatos.

Capítulo 8º - Da Organización Técnica da Competición.

Artigo 37º.

Os Órganos Técnicos da Competición serán o Árbitro Principal , os árbitros Adxuntos, os Árbitros Auxiliares e o Comité de Apelación.

Do Árbitro Principal

Artigo 38º.

1.- O árbitro principal, será nombrado polo comité técnico de árbitros, de acordo as súas normativas e bases que poden figurar na convocatoria de arbitraje de cada campionato. Terán as funcións seguintes:

- a) Será o responsable técnico da competición e da aplicación correcta das normas de xogo en vigor, do especificado nas bases e das regras da FIDE.
- b) Redactará as bases técnicas dacordo co especificado nos regulamentos e convocatorias, as normas FIDE vixentes en cada momento e terá que presentalas o delegado federativo. De todas formas a responsabilidade da aplicación das mesmas será do árbitro principal.
- c) Colaborará co delegado federativo na revisión técnica do material e instalacións, advertindo das deficiencias que observe.
- d) Distribuirá funcións complementarias, entre os árbitros adxuntos e auxiliares.
- e) Confirmará a lista inicial de participantes, fará os emparellamentos cumprimentando o que figura nos regulamentos e normas de aplicación.
- f) Deberá facilitar a organización, o final de cada rolda, os emparellamentos e clasificacións para a súa exposición e publicación.
- g) Nombrará o seu sustituto no torneo, de entre os outros árbitros, para as súas ausencias temporais do mesmo.
- h) Unha vez terminada a proba emitirá os informes preceptivos para a FEDA e FIDE, dentro dos prazos estipulados. Remitirá os mesmos a FEGAXA.
- i) Igualmente expedirá certificacións a os xogadores e organizador acreedores a normas de titulación ou rating que o soliciten.
- j) Dispondrá a ubicación na sala de xogo dos árbitros adxuntos e auxiliares e supervisará o cumprimento polos mesmos das funcións encomendadas.
- k) Manterá en todo momento a máxima colaboración, xunto cos demais árbitros, co organizador e con delegado federativo na organización, colocación, montaxes, desmontaxes e ordenación da sala de xogo, para conseguir o éxito da proba.



Dos Árbitros Adxuntos.

Artigo 39º.

1.- Os árbitros adxuntos, serán nombrados según as directrices do Comité Técnico de Árbitros e o estipulado na súa correspondente convocatoria. Terán as funcións seguintes:

- a) Vixiar que no sector da sala que lle sexa encomendada polo árbitro principal se cumplan as Leis do Xadrez, as bases técnicas do torneo e as normas da FIDE para o mesmo.
- b) Revisar os reloxos e pezas antes de comenzar as partidas e antes das reanudacións.
- c) O finalizar as partidas recabará dos contendentes a asinatura nas planillas e entregará éstas o árbitro principal.
- d) Resolverá, en primeira instancia, calquera litixio que sobre o xogo se produza, de acordo as Leis do Xadrez, bases técnicas e demais regulamentación aplicable.
- e) Calquera outra función propia do seu cargo que lle sexa encomendada polo árbitro principal.

2.- En caso de ausencia temporal ou definitiva do Árbitro Principal, éste será substituído polo Árbitro Adxunto, seguindo o establecido neste regulamento.

Dos Árbitros Auxiliares.

Artigo 40º.

1.- Os árbitros auxiliares, que deberán ter algunha titulación, serán nombrados según as directrices do Comité Técnico de Árbitros e o estipulado na súa correspondente

convocatoria. Terán as funcións que lles sexan encomendadas polo árbitro principal ou adxunto relativas o funcionamento da competición.

2.- Substituirán o Árbitro Principal do torneo, ou o Adxunto, nas condicións que se especifican nos artigos anteriores deste regulamento.

Do Comité de Apelación.

Artigo 41º.

En cada competición, a ser posible, deberá constituírse un Comité de Apelación que resolverá tódalas reclamacións que efectúen os xogadores ou delegados contra fallos arbitrerais, en asuntos relacionados coas Leis do Xadrez, bases técnicas ou normas FIDE.

Artigo 42º.

1.- O Comité de Apelación estará formado por cinco membros maiores de 16 anos (tres titulares e dous suplentes). Este Comité constituirase antes do comezo da primeira rolda da competición.

2.- As súas decisións serán irrevocabes, salvo nos supostos en que actúa como Comité de Apelación en materia de disciplina deportiva, que pasará os órganos federativos.

**Artigo 43º.**

- 1.- O Delegado da FEGAXA será membro nato e actuará de Presidente do Comité.
- 2.- Os catro membros restantes serán desinados por elección entre os participantes no campionato (xogadores en campionatos individuais e delegados nos campionatos por equipos e en probas para menores de 16 anos), según o procedemento seguinte:
 - a) En primeira votación, só serán elexibles os participantes que teñan titulación arbitral. Os dous que teñan maior número de votos serán os titulares e os dous seguintes serán os suplentes.
 - b) Si o número de membros elexibles según o apartado anterior fora inferior a catro, para desinar os restantes procedese a unha segunda votación na que serán elexibles todos os participantes. Os que obteñan maior número de votos, completarán as prazas vacantes do Comité de Apelación por seu orden, áta o máximo de catro.
 - c) En todo caso, so serán elexibles os maiores de deceseis anos.

Artigo 44º.

- 1.- O Comité de Apelación, exercerá as súas funcións de forma permanente durante toda a competición, reunirse en sesión urxente, convocada polo Presidente, pola reclamación de algún dos xogadores ou delegados.
- 2.- As resolucións do Comité adoptaranse por maioría simple. No caso de empate o voto de calidade será o do Presidente, o cal deberá redactar a resolución que entregarse as partes e ó Árbitro Principal.

Artigo 45º.

- 1.- Os membros do Comité que estén implicados no asunto a fallar, ou aqueles os que por desempate ou outra causa poden estar interesados na decisión a tomar, non poderán formar parte da reunión, debendo ceder o seu posto na mesma os suplentes.
- 2.- A incompatibilidade antes indicada será determinada polo Presidente do Comité, ben por propio criterio ou por reclamación de algunha parte.
- 3.- Si, por incompatibilidade dos seus membros ou por calquera outra causa debidamente xustificada, o Comité non pudiera formarse cos seus tres membros, poderá adoptar resolucións con tan só dous dos seus membros ou, incluso, únicamente o Presidente, que actuará, neste último suposto, como órgano unipersonal. Este último caso será o que actúe nas competicións de menores de 16 anos.

Capítulo 9º - Das Competicións por Equipos.**Artigo 46º.**

O calendario de este tipo de competicións será establecido pola FEGAXA, aprobado na Asemblea Xeral dentro do calendario deportivo da tempada.

Artigo 47º.

A puntuación poderá ser por encontro ou sistema olímpico clásico, sumando o resultado individual de cada taboleiro en cada encontro. Determinarase, por torneo, na convocatoria a aprobar pola xunta directiva ou comisión delegada da FEGAXA.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE
GALEGO

Artigo 48º.

Nas bases técnicas especificaríanse todos os detalles de cada competición, tales como os referentes a presentación de alineacións, horarios, incomparecencias, etc.

Artigo 49º.

En todos os encontros, o equipo nombrado en primeiro lugar levará as pezas brancas nos taboleiros impares e as pezas negras nos taboleiros pares. O equipo nombrado no segundo lugar correspondelle as pezas negras nos taboleiros impares e as pezas brancas nos taboleiros pares.

Artigo 50º.

1.- Todos os equipos terán a obriga de nombrar un delegado ou capitán, que poderá ser tamén xogador. Os datos pessoais do delegado ou capitán deberán figurar na inscrición do equipo.

2.- O delegado ou capitán terá unha función administrativa, presentando as alineacións de cada encontro, velando pola actitude correcta dos xogadores, suscribindo o acta do encontro, presentando as impugnacións ou alegacións o árbitro ou comité.

3.- O capitán ou delegado debe absterse en toda intervención durante o xogo. En especial deberá absterse de informar a un xogador acerca do número de movementos que realizou e das dificultades para rebasar os controis do xogo.

4.- O capitán ou delegado está autorizado para aconsellar o xogador do seu equipo sobre ofrecer taboas ou aceptar unha oferta de taboas realizada polo xogador rival, quedandolle vetado o delegado o realizar comentarios ou información concernente as partidas que se están disputando.

Artigo 51º.

1.- As actas de cada encontro serán asinadas polo árbitro e por cada un dos delegados dos equipos.

2.- Os abandonos ou incomparecencias, sin xustificación por causa maior, que ocasionen abandonos nas competicións por equipos que se relacionan neste regulamento xeral de competicións, excluindo aos das categorías de 3ª e 4ª división, serán sancionados (ademais das que poderán ser pola propia competición) co seguinte:

2.1.- Sanción económica o club: o dobre da suma das cotas de inscrición do club e do equipo que abandona.

2.1.- Sanción deportiva o club: o equipo retirado e os seus equipos das categorías inferiores perderán dita categoría co que competirán en 3ª división para a próxima tempada, non sendo efectivos os ascensos que poideran acadar nesa tempada.

Capítulo 10º - Das Competicións Individuais.

Artigo 52º.

1.- Os campionatos individuais xogaranse, principalmente, polo Sistema Suízo. O número mínimo de roldas establecerase según o número de participantes procurando aplicar como mínimo a relación seguinte: áta 32 participantes, 6 roldas; de 33 a 64, 7 roldas; de 65 a 128, 8 roldas; mais de 128 participantes, 9 roldas.



2.- Os abandonos ou incomparecencias dos deportistas, que ocasionen abandonos nas competicións, sen xustificación por causa maior, nas competicións individuais que se relacionan neste regulamento xeral de competicións da FEGAXA, serán sancionados non podendo participar en competicións oficiais durante un ano dende que sexa firme a sanción.

Artigo 53º.

Para poder participar en cada competición, todos os xogadores deberán ter licenza en vigor e formalizar a súa inscrición na FEGAXA, a través do correspondente Club, nos prazos establecidos na convocatoria.

A Xunta Directiva da FEGAXA poderá admitir, de modo extraordinario, inscricións fora de prazo de determinados xogadores.

Artigo 54º.

A inscrición considerase firme tras o abono do canón correspondente. As exencións de canón, de habelas, determinaranse previamente ou na propia convocatoria do campionato.

Artigo 55º.

A FEGAXA poderá fixar un número máximo de inscritos con carácter aberto en cada competición en función da capacidade da sala, dito límite deberá especificarse nas convocatorias dos campionatos. En determinados casos poderanse establecer unhas reservas previas de prazos.

Artigo 56º.

Os empates a puntos para torneos por Sistema Suízo nas clasificacións finais resolveráanse aplicando os sistemas de desempate descritos nas regulamentacións da FEDA e FIDE, según se especifique nas convocatorias, e que se resumen a continuación:

- a) BRASILEÑO. Suma das puntuacións finais obtidas polos oponentes, excetuando a mais baixa.
- b) MEDIANO. Suma das puntuacións finais obtidas polos oponentes, exceptuando a mais baixa e a mais alta.
- c) BUCHOLZ TOTAL. Suma das puntuacións finais dos oponentes.
- d) PROGRESIVO. Suma de todos os puntos obtidos rolda a rolda, si se mantivera o empate, iránse quitando roldas empezando pola primeira e así sucesivamente á última. Este sistema non será de aplicación en competicións sub 8 e sub 10.

Artigo 57º.

Una vez finalizada a última rolda, poderase sortear o orden de aplicación de estos sistemas de desempate. De persistir o empate unha vez aplicados todos os sistemas de desempate, realizarase un sorteo entre os xogadores empatados para decidir a clasificación ou, si o tempo o permite, decidirase o mellor de tres partidas a disputar a ritmo rápido de cinco minutos, sorteando os cores na primeira.

Artigo 58º.



Nos campionatos galegos o xogador ou xogadora que quede clasificada na primeira posición obterá o título de campión galego da categoría correspondente. Asímesmo o xogador ou xogadora que quede clasificado na segunda posición obterá o título de subcampión galego na categoría correspondente.

Nos campionatos individuais de menores de 18 anos, a primeira xogadora clasificada obterá o título de campiona galega da categoría correspondente. A segunda clasificada obterá o título de subcampiona galega da categoría correspondente.

TITULO V - CAMPIONATOS GALEGOS INDIVIDUAIS.

Artigo 59º.

1.- CAMPIONATOS DE IDADES - COMPOSICIÓN.

1.1. Os Campeonatos Galegos individuais están compostos de dúas fases:

1.1.1. Torneos provinciais clasificatorios:

- **Absoluto-Sub.18:** Ritmo de xogo mínimo de 60 minutos por xogador/a e partida. Poderán participar tódolos xogadores/as con licenza para a tempada en vigor. No Sub-18 poderán participar xogadores/as que o un de xaneiro non teñan cumpridos 18 anos.
- **Sub.16-Sub.14:** Ritmo de xogo mínimo de 45 minutos por xogador/a e partida. Poderán participar xogadores/as con licenza da tempada en vigor, o un de xaneiro non teñan cumpridos 16 anos ou 14 anos (segundo a categoría).
- **Sub.12-Sub.10-Sub.8:** Ritmo de xogo mínimo de 30 minutos por xogador/a e partida. Poderán participar xogadores/as con licenza da tempada en vigor, o un de xaneiro non teñan cumpridos 12 anos, 10 anos ou 8 anos (segundo a categoría).

1.1.2. Fases finais:

- **Absoluto:** Ritmo de xogo de 90 minutos + 30 segundos/xogada por xogador. Poderán participar tódolos xogadores con licenza para a tempada en vigor.
- **Sub-18:** Ritmo de xogo de 90 minutos + 30 segundos/xogada ou 60 minutos + 30 segundos/xogada por xogador. Poderán participar xogadores con licenza da tempada en vigor, que o un de xaneiro non teñan cumpridos 18 anos.
- **Sub-16:** Ritmo de xogo de 90 minutos + 30 segundos/jugada ou 60 minutos + 30 segundos/xogada por xogador. Poderán participar xogadores con licenza da temporada en vigor, que o un de xaneiro non teñan cumprido 16 anos.
- **Sub-14:** Ritmo de xogo de 90 minutos + 30 segundos/xogada ou 60 minutos + 30 segundos/xogada por xogador. Poderán participar xogadores con licenza da tempada en vigor, que o un de xaneiro non teñan cumpridos 14 anos.



- **Sub-12:** Ritmo de xogo de 60 minutos + 30 segundos/xogada por xogador. Poderán participar xogadores con licenza da tempada en vigor, que o un de xaneiro non teñan cumpridos 12 anos.
- **Sub-10:** Ritmo de xogo 60 minutos a caída de bandeira por xogador. Poderán participar xogadores con licenza da tempada en vigor, que o un de xaneiro non teñan cumpridos 10 anos.
- **Sub-8:** Ritmo de xogo 60 minutos a caída de bandeira por xogador. Poderán participar xogadores con licenza da tempada en vigor, que o un de xaneiro non teñan cumpridos 8 anos.

2. CAMPIONATOS DE IDADES - TORNEOS PROVINCIAIS CLASIFICATORIOS.

2.1. Si en unha categoría non se chega a completar un total de seis xogadores/as, agruparíanse as categorías según o apartado 1.1.1. Si resulta vencedor da proba o da categoría inferior se clasificará en ambas categorías.

2.2. Calquera club, entidade ou persoa física dos integrados na FEGAXA da tempada en vigor, ou ben un conxunto dos clubs dunha delegación poderán enviar por escrito á Federación solicitude para a organización destes torneos da delegación deportiva á que pertencen. A data límite para a solicitude publicarase mediante circular.

A FEGAXA comunicará a través do seu calendario deportivo para esa tempada as datas límite para a finalización destes torneos que serán as mesmas para tódalas delegacións.

2.3. A solicitude de organización deberá contemplar, como mínimo, os seguintes requisitos:

- a) Club, entidade ou persoa física que o organiza.
- b) Director ou responsable do torneo.
- c) Responsable da arbitrase, que será ratificado pola FEGAXA.
- d) Dirección e poboación do local de xogo.
- e) Número de taboleiros, pezas e reloxos dispoñibles.
- f) Capacidade da sala de xogo, que terá a amplitude suficiente para o número de participantes, así como luminosidade e temperatura axeitadas.
- g) Sistema de emparellamento, que será efectuado cun programa de ordenador homologado pola FEDA e FIDE.
- h) Calendario da competición.
- i) Ritmo de xogo.

2.4. Os xogadores, a través do club ó que pertencen e por medio de escrito, confirmarán a participación con 48 horas de antelación ó inicio da primeira rolda. Farano onde o club, entidade ou persoa física organizadora o indique. Non se aceptarán inscricións con posterioridade, salvo xustificación suficiente. En caso de haber límite máximo de participantes o decidirá a FEGAXA e a súa participación será por rigurosa orde de inscrición.



- 2.5. A FEGAXA ten a obriga de entregar ó club, entidade ou persoa física organizadora unha relación dos Clubs da delegación cos enderezos e teléfonos para que éste avise con tempo suficiente do local de xogo.
- 2.6. Antes do inicio da primeira rolda formarase o Comité de Apelación do Torneo, que o formarán o director do torneo, árbitro principal, árbitros adxuntos, árbitros auxiliares e tantos xogadores maiores de 16 anos como se precisen para ser cinco membros en total. Nos torneos provinciais clasificatorios de categorías con deportistas menores de 16 anos non haberá representación por xogadores.
- 2.7. Se algún inscrito non iniciara o torneo ou o abandonara sen causa xustificada aterase ó exposto no regulamento de disciplina deportiva da FEGAXA e non poderá participar na fase final.
- 2.8. O organizador ten a obriga de enviar a listaxe dos xogadores inscritos á FEGAXA para o visto bo da mesma alomenos vintecatro horas antes do comezo da primeira rolda.
- 2.9. O organizador ten a obriga de enviar o cadro do torneo á sede da FEGAXA nos tres días seguintes ó da finalización do mesmo.
- 2.10. Os trofeos e/ou medallas, se as houbese, corren por conta da organización. En este caso, serán para os tres (3) primeiros postos de cada categoría, como mínimo.
- 2.11. Ademais do Campión Galego da tempada anterior en cada categoría tamén se clasificará cos gastos pagos á fase final do Campionato Galego, o primeiro clasificado da xeral de cada categoría nos campionatos provinciais. Esta invitación é extensible áta o terceiro clasificado de cada categoría dos torneos provinciais, no caso de que ningún dos dous primeiros poidera asistir.

3. CAMPIONATOS DE IDADES - FASES FINAIS.

- 3.1. A organización corresponde á FEGAXA, a cal poderá delegar nun Club, entidade ou persoa física, sempre que esta faga unha solicitude por escrito.
- 3.2. Terán acceso directo ás fases finais tódolos deportistas que con licenza para a tempada en vigor, cumplan os requisitos de idade según a categoría e participaran no seu respectivo torneo provincial ou teñan ELO FIDE. A FEGAXA (a través da súa dirección técnica) poderá autorizar a participación daqueles xogadores con méritos suficientes.
- 3.3. Terán acceso directo ás fases finais costeando unicamente o 100% dos gastos de estancia e manutención pola entidade ou persoa organizadora das fases finais, e se non as houbese a FEGAXA, os seguintes:
 - a) Os Campeóns Galegos de tódalas categorías da tempada anterior.
 - b) Clasificar, indistintamente do sexo, entre os cinco primeiros nos Campionatos de España da tempada anterior.
 - c) Clasificar, indistintamente do sexo, entre os quince primeiros nos Campionatos de Europa ou do Mundo da tempada anterior.



Se un deportista por razóns de idade salta de categoría con respecto á do ano anterior, e se atopase nalgún destes tres casos, non perde ningún dereito.

3.4. A entidade ou persoa organizadora das fases finais, e se non as houbera a FEGAXA, costearán o 100% dos gastos de estancia e manutención dun representante de cada provincia en cada categoría, según a clasificación xeral na fase provincial.

3.5. A solicitude de organización deberá contemplar, a lo menos, o seguinte:

- a) Club, entidade ou persoa física que o organiza.
- b) Director ou responsable do torneo.
- c) Dirección e poboación do local de xogo.
- d) Número de taboleiros, pezas e reloxos dispoñibles.
- e) Capacidade da sala de xogo, que terá a amplitude suficiente para o número de participantes, así como luminosidade e temperatura axeitadas.
- f) Sistema de emparellamento que será efectuado cun programa de ordenador homologado pola FIDE.
- g) Facilitar os prezos de estancia e manutención, con tódolos impostos incluídos, para os participantes e acompañantes. Os prezos para os árbitros e delegados federativos da FEGAXA serán os mesmos que se apliquen ós participantes.
- h) Ritmo de xogo.

Valorarase positivamente a concesión de invitacións a xogadoras femininas.

3.6. Os xogadores, a través do club ó que pertencen e por medio de escrito, confirmarán a participación na sede da FEGAXA con 15 días de antelación ó inicio da primeira rolda según o calendario oficial. A FEGAXA reservarase o dereito a aceptar inscricións con posterioridade.

3.7. Haberá inscritos un mínimo de quince xogadores por categoría para que se dispute o torneo, e de non ser así non se realizará ou será agrupado con outro. En caso de haber límite máximo de participantes, fixarao a FEGAXA, e a súa inclusión será por rigurosa orde de inscrición.

3.8. Se algún inscrito non iniciara o torneo ou o abandoara sen causa xustificada se aterá ó exposto no Regulamento de disciplina deportiva da FEGAXA.

3.9. Os empates a puntos na clasificación final resolveranse atendendo á seguinte:

- Progresivo ata as últimas consecuencias.
- Bucholz total.
- Bucholz mediano.

En todo caso, aplicarase o que figura en outros artigos de este regulamento para desempates en competicións individuais.

A suxerencia do equipo arbitral estes poderán variarse coa autorización da FEGAXA.

3.10. Antes do inicio da primeira ronda formarase o Comité de Apelación do Torneo que estará composto polo director do torneo, árbitro principal, árbitros adxuntos,



árbitros auxiliares e tantos xogadores maiores de 16 anos como se precisen para ser cinco membros en total. Nas fases finais de categorías con deportistas menores de 16 anos non haberá representación por deportistas.

3.11. A FEGAXA é a entidade que se encargará da adquisición dos trofeos e/ou medallas para os primeiros clasificados de cada categoría.

A entidade, Club ou persoa organizadora, se fora o caso, deberá aportar os premios en metálico que se establezcan en cada categoría.

3.12. O primeiro xogador e a primeira xogadora clasificados de cada categoría serán os representantes galegos nos correspondentes campionatos de España.

3.13. Nos distintos campionatos oficiais, e ás súas fases previas, valedeiros para obter representantes galegos ou campións galegos de distintas categorías os xogadores/as participantes terán que ter licenza en vigor a través da Federación Galega de Xadrez, bandeira deportiva FIDE española e ser seleccionables por Galicia.

4.- CAMPIONATO GALEGO INDIVIDUAL DE RAPIDAS.

- Sistema de xogo: disputarase polo sistema suízo, podendo ser acelerado (áta ás tres primeiras roldas) segundo o número de inscritos e fose preciso.
- Ritmo de xogo: será de 10 minutos con incremento por xogada/xogador-a.
- Poderá ser válido para ranting FEDA e FIDE.
- Tódolos xogadores/as deberán estar federados antes do inicio do campionato.
- Emplearase un programa informático homologado pola FEDA.
- Na convocatoria que se faga do campionato fixaránse os detalles concretos e demais condicións de xogo e participación.

5.- CAMPIONATO GALEGO INDIVIDUAL LÓSTREGO.

- O campionato terá carácter aberto podendo inscribirse todo xogador con licenza federativa en vigor, tramitada na FEGAXA, e con bandeira ESP na FIDE. Logo de aprobación da xunta directiva, o campionato poderá ter carácter aberto internacional. Neste caso, o campión galego será el primeiro clasificado que ostente a condición de seleccionable por la FEGAXA.
- O campión galego estará invitado ao campionato de España de xadrez relámpago e/ou xadrez rápido. Estarán exentos da cota de inscrición: o campión galego do ano anterior e os campións provinciais da tempada correspondente. En ningún caso se transferirán estes dereitos aos seguintes clasificados.
- O número mínimo de roldas será de nove e o ritmo de xogo será o mesmo que se estableza no correspondente campionato de España e/ou o establecido pola FIDE para esta modalidade. Aplicaránse as regras da FIDE en vigor para este ritmo de xogo, tamén podendo establecerse velocidades de xogo equivalentes con incrementos de tempo.
- Na convocatoria que se faga do campionato fixaránse os detalles concretos e demais condicións de xogo e participación.



TITULO VI - CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN.

Artigo 60º.

1.- O Circuito Galego de Promoción desenvólvese ca finalidade de promocionar o xadrez nos sectores ou grupos de deportistas federados aos que se lle intenta dar un pulo dende a Federación. Para puntuar na clasificación do circuito os xogadores/as teñen que estar federados/as na FEGAXA e ter bandeira FIDE de ESPAÑA.

2.- Preténdese que os torneos sexan organizados por Clubs, Institucións, Organismos ou Empresas que teñan como unha das súas prioridades o fomento do deporte base ou sectores menos favorecidos, polo cal dende a Federación impulsárase que os eventos promocionen mais a deportividade e a participación, que a competitividade.

3.- Consideráse oportuno que, a parte dos premios da parte competitiva, dérase cabida a un apartado de agasallos por sorteo, que mantería a incertidumbre e o anhelo ata o final, premiando aleatoriamente a aqueles xóvenes que normalmente non gañan.

4.- Considerando que estamos falando de xadrecistas que empezan nesta actividade e que todos queremos fomentar a súa continuidade no xadrez, tamén sería oportuno chegar a dar un agasallo participativo a todos aqueles que finalicen o torneo.

5.- Por mor de todo isto, cada tempada elaborárase un “torneo base” que se debería intentar cumprir na maioría das súas pautas, inda que a Federación sabedora das dificultades particulares de cada certamen será flexible na integración dos torneos no circuito galego. Tratarase de que as competicións xa existentes nas diversas localidades da autonomía se sumen ó circuito, asegurándose unha maior publicidade e a participación dos mellores xóvenes xadrecistas galegos.

6.- Para ser aceptados deberanse cumprir maioritariamente as pautas marcadas pola Federación inda que tratarase de amoldar as características individuais de cada torneo xa consolidado.

7.- Os trofeos finais do circuito para os cinco (5) primeiros clasificados de cada categoría que serán a cargo de Federación.

8.- Cada tempada establecerase un sistema de puntuación para establecer unha clasificación xeral do circuito, así como un sistema de desempates, baseado no fomento da participación nos torneos.

9.- Según o número de torneos establecerase un mínimo de participacións para a clasificación final do circuito, ou o que é o mesmo, contabilizar un número determinado de torneos nos que participar.

Taboa do mínimo de torneos a participar para puntuar na clasificación final:

Torneos do circuito	Mínimo de Torneos a participar
4-5	3
6-7	4
8-9	5
10-11	6
12-13	7
14-15 ...	8 ...

10.- Para organizar o derradeiro torneo do Circuito deberase facer unha proposta conxunta que englobe unha Gala do Xadrez na que terá cabida a entrega dos premios aos gañadores finais. Podense entregar outros premios federativos da tempada.



TITULO VII - CIRCUITO GALEGO INTERNACIONAL.

Artigo 61º.

1.- A FEGAXA poderá reunir con antelación aos organizadores da anterior edición e outros que o soliciten fehacemente, para establecer unhas bases e normas basadas no orzamento anual federativo e a correspondente asinación para este circuito, respetando as tradicións dos torneos e as condicións, características e datas de anteriores edicións para cada un deles.

As preferencias a ter en conta para pertencer ao Circuito Internacional de Xadrez serán:

- Antigüidade dos torneos na última edición.
- Antigüidade dos dos torneos en edicións anteriores.
- Bolsa total de premios.
- Un mínimo de 7 días de competición e 9 roldas a celebrar.
- Un mínimo de 5.000,00 € en premios.

Establecerase unha clasificación xeral do circuito en base os resultados obtidos en cada un dos torneos que forman parte do circuito internacional. Contabilizaranse as mellores clasificacións nun mínimo de torneos.

- a) Poderán darse premios en metálico ou en participación en torneos os primeiros clasificados do circuito.
- b) Optarán os premios os xogadores que participen en determinado número de torneos, polo menos no 60% do total.
 1. Todos os torneos disputaránse polo sistema suízo a 9 roldas.
 2. Ritmo de xogo: valedeiro para normas e elo FIDE, según a normativa vixente.
 3. Os torneos en xeral, serán valedeiros para a obtención de normas, ELO FIDE e FEDA.
 4. Os desempates na clasificación de cada torneo varían segundo as bases propias de cada un deles.
 5. Os torneos poderán ter un máximo de 3 byes (días libres), menos nas últimas roldas e según as bases de cada torneo.

2.- REGULACIÓNS.

- a) A Federación Galega de Xadrez, designará o árbitro principal, que poderá ser proposto pola organización, pero sempre coa designación expresa da Federación.
- b) A FEGAXA asinará un convenio co organizador e abonará unhas axudas para os gastos arbitrals e outras posibles axudas según se determine en dito convenio e nas condicións e formas estipuladas no mesmo.
- c) A Federación Galega de Xadrez poderá aboar os honorarios do árbitro principal (previa factura reglada do mesmo) según os honorarios fixados nos presupostos federativos da tempada para este tipo de torneos. Poderá figurar no convenio que se asine entre as partes.
- d) Os árbitros auxiliares dos torneos poderán ser designados pola organización, previo coñecemento e autorización da FEGAXA.
- e) A Federación Galega de Xadrez poderá designar árbitros adxuntos para que poidan cumprir normas, sin representar cargo a organización.



- f) O informe do torneo enviarase a FEDA a través da FEGAXA dentro dos prazos estipulados, correndo a Federación Galega cos gastos da avaliación para FIDE. Si existen recargos ou sancións, polo incumplimento das obrigacións de entregas e xustificacións, correrán a cargo da organización ou árbitro principal, deducíndose os importes correspondentes do que lle corresponda aboar a FEGAXA a organización ou honorarios do árbitro principal.
- g) Os xogadores designados como becados pola FEGAXA para torneos estarán exentos dos gastos de inscrición dos torneos.
- h) A FEGAXA poderá chegar a acordos cos organizadores para enviar grupos de xogadores/as becados con adestrador/a os torneos.
- i) Solicitarase un formulario de coordinación do torneo que deberá entrar en tempo e forma na FEGAXA, para que o torneo poida formar parte do circuito galego internacional.
- j) O nome do director do torneo comunicárase previamente a FEGAXA para que está proceda a dar a súa conformidade.
- k) A información, bases e normativa xeral comunicadas e publicadas, dos torneos non poderán variarse nin cambiarse con posterioridade. Axustarase a presente normativa da FEGAXA, e as normas que se acorden nas reunións de organizadores.
- l) Tanto o director do torneo como os árbitros principal e auxiliares, realizarán unicamente estes cometidos, non podendo en ningún caso participar como xogador/a.
- m) En toda a publicidade e comunicados do torneo figurarán os logotipos do Xunta de Galicia, Deporte Galego e da Federación Galega de Xadrez.
- n) Os torneos respetarán e cumprirán a normativa legal e regulamentaria da FEGAXA, FEDA e FIDE.
- o) Respetarase as datas e características da edición precedente de cada torneo así como a antigüidade dos mesmos para establecer o calendario da tempada do circuito. Non poderán coincidir dous ou máis torneos nas datas, salvo acordo dos organizadores e sempre que polo seu número non fora posible que se realizasen nas datas do circuito. Nese caso non coincidirían dous próximos que poidan restarse participacións.
- p) A clausura do circuito poderase celebrar coincidindo co último ou en outra data concreta que estableza a FEGAXA.
- q) É necesaria a aceptación e cumprimento de toda esta normativa e a complementaria de cada edición para poder figurar como torneo do circuito galego internacional.
- r) Para ser aceptados deberanse cumprir as pautas marcadas pola Federación inda que tratarase de amoldar as características individuais de cada torneo xa consolidado. Darase preferencia os torneos máis antigos, respetando as súas características e datas.



Artigo 61º BIS.

1.- A Comisión Delegada da FEGAXA será a encargada de decidir se o Circuito Galego Internacional estará formado por torneos standard e/ou torneos de rápidas atendendo ás solicitudes recibidas dos organizadores da anterior edición e outros que o soliciten fehacemente, para establecer unhas bases e normas basadas no orzamento anual federativo e a correspondente asinación para este circuito, respetando as tradicións dos torneos e as condicións, características e datas de anteriores edicións para cada un deles.

Neste caso, o Circuito Internacional estará limitado a un máximo de 15 torneos e cada organizador poderá inscribir ata un límite de 3 torneos.

Establécense 3 tipos de torneos, cada tipo de torneo debe ter un mínimo de premios en metálico (non son válidos premios en especies ou en inscricións para edicións posteriores):

- **Categoría A:** Torneos Estándar con 9 roldas, mínimo 7 días de competición e cun mínimo de 5.000,00 € en premios.
- **Categoría B:** Torneos Estándar con máis de 5 roldas, cun mínimo de premios de 1.500,00 €. Non sendo válidos os torneos Sub.
- **Categoría C:** Torneo de xadrez rápido, mínimo de 7 roldas e cun mínimo de premios de 1.000,00€.

As preferencias a ter en conta para pertencer ao Circuito Internacional de Xadrez serán:

- Número de edicións realizadas e válidas para elo Fide.
- Mínimo de 30 xogadores en cada unha das edicións realizadas nos últimos 2 anos.
- Bolsa total de premios.

Non se poderá organizar dous ou máis torneos nas mesmas datas dos torneos pertencentes ao mencionado Circuito.

A cuantía máxima de cota de inscrición en cada tipo de torneo será a seguinte:

- **Torneos grupo A:** ata 60,00€ de cota de inscrición.
- **Torneos grupo B:** ata 30,00 € de cota de inscrición
- **Torneos grupo C:** ata 15,00 € de cota de inscrición

Establecerase unha clasificación xeral do circuito en base aos resultados obtidos en cada un dos torneos que forman parte do circuito internacional.

Torneos Categoría A		Torneos Categoría B		Torneos Categoría C	
Clasificación	Puntuación	Clasificación	Puntuación	Clasificación	Puntuación
1º	30	1º	20	1º	12
2º	26	2º	18	2º	10
3º	22	3º	16	3º	8
4º	20	4º	14	4º	7
5º	18	5º	12	5º	6
6º	16	6º	10	6º	5
7º	14	7º	8	7º	4
8º	12	8º	6	8º	3
9º	10	9º	4	9º	2
10º	8	10º	2	10º	1



Contabilizaranse as mellores clasificacións nun mínimo de torneos.

- a) Poderán darse premios en metálico.
- b) Optarán aos premios os xogadores que participen en determinado número de torneos, a metade de torneos máis 1.

A participación terase en conta sempre e cando rematen ditos torneos tendo en conta o estipulado no apartado b.5):

- b.1) Tódolos torneos disputaránse polo sistema suízo a 9 roldas nos torneos tradicionais categoría A; máis de 5 roldas nos torneos de categoría B; e un mínimo de 7 roldas nos torneos categoría C.
- b.2) Ritmo de xogo: valedeiro para elo FIDE e para normas, según a normativa vixente.
- b.3) Os torneos en xeral, serán valedeiros para a obtención de normas e Elo FIDE.
- b.4) Os desempates na clasificación de cada torneo varían segundo as bases propias de cada un deles.
- b.5) Os torneos estándar poderán ter byes de medio punto, según as bases propias de cada torneo: os de categoría A ata un máximo de 3; os de categoría B ata un máximo de 2; e os de categoría C byes de cero puntos. Sempre e cando os byes non sexan nas 3 derradeiras roldas.

2.- REGULACIÓNS.

- a) Poderase establecer un canon de inscrición ás entidades participantes no Circuito Internacional.
- b) A Federación Galega de Xadrez, designará o árbitro principal, que poderá ser proposto pola organización, pero sempre coa designación expresa da Federación. A titulación mínima nos torneos categoría A será de Árbitro FIDE, e os de categoría B e C, Árbitro Autónomo.
- c) A FEGAXA poderá asinar un convenio co organizador e abonará posibles axudas según se determine en dito convenio e nas condicións e formas estipuladas no mesmo.
- d) A Federación Galega de Xadrez poderá aboar os gastos de avaliación Fide nos torneos rápidos.
- e) Os árbitros auxiliares dos torneos poderán ser designados pola organización, previo coñecemento e autorización da FEGAXA.
- f) A Federación Galega de Xadrez poderá designar árbitros adxuntos para que poidan cumprir normas, sin representar cargo a organización.
- g) O informe do torneo enviarase a FEDA a través da FEGAXA dentro dos prazos estipulados, correndo a Federación Galega cos gastos da avaliación para FIDE. Si existen recargos ou sancións, polo incumplimento das obrigacións de entregas e xustificacións, correrán a cargo da organización ou árbitro principal, deducíndose os importes correspondentes do que lle corresponda aboar a FEGAXA a organización ou honorarios do árbitro principal.
- h) Os xogadores designados como becados pola FEGAXA para torneos só estarán exentos dos gastos de inscrición nos torneos de categoría A.
- i) A FEGAXA poderá chegar a acordos cos organizadores para enviar grupos de xogadores/as becados con adestrador/a os torneos.



- j) Solicitarase un formulario de coordinación do torneo que deberá entrar en tempo e forma na FEGAXA, para que o torneo poida formar parte do Circuito Galego Internacional.
- k) O nome do director do torneo comunicárase previamente a FEGAXA para que está proceda a dar a súa conformidade.
- l) A información, bases e normativa xeral comunicadas e publicadas, dos torneos non poderán variarse nin cambiarse con posterioridade. Axustaranse a presente normativa da FEGAXA, e as normas que se acorden nas reunións de organizadores.
- m) Tanto o director do torneo como os árbitros principal e auxiliares, realizarán unicamente estes cometidos, non podendo en ningún caso participar como xogador/a.
- n) En toda a publicidade e comunicados do torneo figurarán os logotipos do Xunta de Galicia, Deporte Galego e da Federación Galega de Xadrez.
- o) Os torneos respetarán e cumprirán a normativa legal e regulamentaria da FEGAXA, FEDA e FIDE.
- p) Respetaranse as datas e características da edición precedente de cada torneo así como a antigüidade dos mesmos para establecer o calendario da tempada do circuito. Non poderán coincidir dous ou máis torneos nas datas, salvo acordo dos organizadores e sempre que polo seu número non fora posible que se realizasen nas datas do circuito. Nese caso non coincidirían dous próximos que poidan restarse participacións.
- q) A clausura do circuito poderase celebrar coincidindo co último ou en outra data concreta que estableza a FEGAXA.
- r) E necesaria a aceptación e cumprimento de toda esta normativa e a complementaria de cada edición para poder figurar como torneo do circuito galego internacional.
- s) Para ser aceptados deberanse cumprir as pautas marcadas pola Federación inda que tratarase de amoldar as características individuais de cada torneo xa consolidado. Darase preferencia os torneos máis antigos, respetando as súas características e datas.



TITULO VIII - LIGA GALEGA POR EQUIPOS DE CLUB.

Artigo 62º.

1. COMPOSICIÓN DA LIGA.

- 1.1. A Liga Galega por Equipos de Club, a partir de agora L.G.E.C. conformarase en categorías no ámbito autonómico de Galicia, tantas como se precisen, que á súa vez se distribúen en grupos.
- 1.2. Distribución por categorías e grupos de maior a menor:
 - a) División de Honra. Un grupo. 12 equipos.
 - b) Preferente. Dous grupos. 10 equipos en cada grupo.
 - c) Primeira. Catro grupos. 12 equipos en cada grupo.
 - d) Segunda. Seis grupos. 12 equipos en cada grupo.
 - e) Terceira. Tantos grupos, de nº de equipos variable, como sexan necesarios.
 - f) Cuarta. De carácter voluntario, sen existir posibilidade de ascensos nin descensos, e cós grupos que fose necesario.
- 1.3. Os grupos formaranse por proximidade xeográfica, tanto como sexa posible, para conseguir os mínimos desprazamentos en cada categoría, así como nas fases de ascenso - descenso, fases previas e finais no caso de que as houberse.
- 1.4. Só pode haber un equipo dun mesmo club nas categorías de División de Honra e Preferente. Na Primeira e Segunda poden coincidir no mesmo grupo un máximo de dous equipos do mesmo club, enfrentándose entre eles na primeira rolda. En terceira os equipos do mesmo club enfrentaránse, dentro do posible, entre eles nas primeiras roldas. Nesta categoría poden coincidir os equipos necesarios do mesmo club se non existen posibilidades de repartilos en distintos grupos por proximidade.
- 1.5. Estarán automaticamente excluídos da L.G.E.C. os equipos dun club que non cubrisen todos os datos que se lles solicita, ou non se remitise a documentación na data limite sinalada a través de circular da FEGAXA.
- 1.6. A cuarta división é de promoción e non competitiva, sen ascensos nin descensos. Só se poderán inscribir xogadores/as sen elo e menores de 16 anos a data 01 de Xaneiro da tempada actual.

2. ASCENSOS E DESCENSOS.

- 2.1.- Ascensos e descensos entre as categorías de División de Honra e Preferente:
 - 2.1.1.- Descenden de División de Honra a Preferente automaticamente os tres últimos clasificados (10º, 11º e 12º).
 - 2.1.2.- Ascenden de Preferente a División de Honra, os primeiros clasificados de cada grupo que teñan a condición de ascendibles (non ser filiales dun equipo que se manteña en División de Honra) e o gañador dunha eliminatoria entre os dous equipos seguintes ascendibles de cada grupo.
 - 2.1.3.- De xogarse unificada a última xornada de División de Honra, a promoción a esta categoría descrita no apartado 2.1.2 disputaríase a un único encontro na sede do equipo de maior puntuación exercendo de local. Se non



fóra o caso, disputaríase a dobre volta nas sedes de cada club, sendo o encontro de ida na casa do equipo de peor puntuación na Liga e a volta na casa do de mellor puntuación.

2.1.4.- Os equipos campións de cada grupo de Preferente, disputarán o título da categoría, nas mesmas condicións reflexadas no apartado anterior.

2.1.5.- No caso de que os equipos con posibilidade de ascender sexan filiais de equipos de División de Honra afectados nun posible descenso, posporase a promoción ata que se clarifique a clasificación da categoría, determinando qué equipos están en condicións regulamentarias de optar ao ascenso.

2.2. Ascensos e descensos entre as categorías de Preferente e Primeira:

Descenden de Preferente automaticamente os dous últimos clasificados (9º e 10º) de cada grupo e ascenden para cubrir estes postos os primeiros clasificados de cada grupo da categoría de Primeira.

2.3. Ascensos e descensos entre as categorías de Primeira e Segunda:

Descenden de Primeira automaticamente os tres últimos clasificados (10º, 11º e 12º) e ascenden para cubrir estes postos o primeiro e segundo clasificado de cada grupo de Segunda.

2.4. Ascensos e descensos entre as categorías de Segunda e Terceira:

Descenden de Segunda automaticamente os dous últimos clasificados (11º e 12º) de cada grupo e ascenden para cubrir estes postos 12 equipos.

En todo caso os sistemas de ascenso de Terceira quedarán definidos pola FEGAXA antes do comezo da Liga, con promocións ou de forma directa con prazas asinadas os grupos si existen grupos muy descompensados en numero de clubs e equipos.

2.5. Se ascenden directamente dous ou máis equipos dun mesmo club que militen na mesma categoría creándose unha incompatibilidade co artigo 1.4. só ascenderá de categoría o do grupo que obteña o maior porcentaxe de puntos.

2.6. Se nas fases de ascenso - descenso entre categorías producísense prazas vacantes por calquera incompatibilidade cos apartados deste artigo 1.4., 2.1., 2.2., 2.3. e 2.4. deste regulamento, collerase para participar na fase de ascenso - descenso por orde de clasificación do grupo no que se produce a incompatibilidade.

2.7. Se houberse algunha renuncia no período de inscrición de equipos a participar na L.G.E.C., o/os equipo/s que teñen dereito á/s praza/s vacante/s será/n os equipos mellor clasificados dos descendidos en cada grupo con vacantes. De ser necesario cubrir prazas con equipos descendidos de outros grupos, asinaranse as prazas por maior porcentaxe de puntos entre os descendidos por mellor posto de clasificación en primeiro lugar e maior porcentaxe de puntos en segundo lugar.

2.8. Un equipo sempre poderá inscribirse nunha categoría inferior á que pertenza. Neste caso, o equipo que cubra a súa praza elixirase polos mesmos criterios que en 2.6.

2.9. Se un equipo que obtivo praza de ascenso renunciase a un ascenso de categoría, mantería a súa categoría actual e o equipo que ascende sería o seguinte clasificado do seu grupo, áta cubrir a praza vacante.



2.10. O primeiro clasificado da liga galega na categoría de División de Honra será o campión galego absoluto de xadrez por equipos da tempada.

3. COMPOSICION DOS EQUIPOS.

- 3.1. Os equipos de categorías División de Honra e Preferente estarán formados cun mínimo de nove xogadores.
- 3.2. Os equipos de Primeira e inferior categoría estarán formados cun mínimo de seis xogadores.
- 3.3. Os xogadores estarán distribuídos en taboleiros numerados do 1 a n , sendo n o último xogador da orde de forza e de orde inferior. Respetarase a orde dos taboleiros no encontro, non podendo aliñarse por diante un taboleiro de orde inferior a un de orde superior.
- 3.4. Todo xogador participante na L.G.E.C. deberá estar alineado nun equipo antes da rolda a celebrar, respetando o prazo estipulado pola FEGAXA e sempre tendo en conta o prazo máximo de alineación de xogadores mencionado no apartado 3.7.
- 3.5. Non se permitirá o cambio de xogadores entre Clubs unha vez finalizado o período de afiliación que establecerá a FEGAXA a través de circular. Un xogador/a non poderá participar na liga galega con outro club, aínda que non xogase. O Club, unha vez comezada a L.G.E.C., que ten a baixa federativa dun xogador/a poderá alinear nese equipo a outro/a para suplir a baixa, sempre e cando non modifique o orde de forza inicial e se realice dentro dos prazos regulamentarios. Todo xogador/a que dispute a lo menos un encontro da liga galega non poderá obter a baixa federativa ata a finalización da mesma.

Os equipos participantes na L.G.E.C. non poderán alinear xogadores que participaron noutras Ligas Autonómicas, na mesma tempada.
- 3.6. Dentro dun mesmo club non se permitirá o transvasamento de xogadores de categoría superior a categorías inferiores, nin entre categorías iguais. Por exemplo, se @ xogador/a ascende a un equipo de 2ª división, non poderá alinearse noutro equipo pertencente a esa categoría (2ª división), aínda que sexa do mesmo club.
- 3.7. Todos os xogadores incorporados a un club unha vez finalizado o período de notificación de ordes de forza, de incluírse nalgún equipo, engadiranse co número de orde seguinte ao que xa exista, sendo o prazo límite 48 horas antes do comezo da sexta rolda, tomando como referencia a división de honra.
- 3.8. Unha vez finalizado o período de notificación das ordes de forza definitivas que establecerá a FEGAXA, non se permitirá a alteración das mesmas.
- 3.9. Un club pode tranpasar ao longo de todas as roldas xogadores dun equipo de inferior categoría a un de categoría superior, engadíndose co número de orde seguinte ao que xa exista provisionalmente.

Non se aplicará o número máximo de ascensos a xogadores con Elo FIDE igual ou inferior a 1600 puntos a data 01 de Xaneiro da tempada actual.



Pódese ascender a un xogador coa posibilidade de regresar ao equipo do que foi ascendido co mesmo número de orde de forza que ocupaba, coas seguintes limitacións:

- a) O xogador ascendido alinearase provisionalmente có seguinte número de orde de forza existente no equipo de superior categoría, aínda que posteriormente regrese ao filial.
Se na mesma rolda soben dous xogadores do mesmo equipo por primeira vez, a súa orde virá dado pola orde de forza no equipo filial. Se os xogadores son de diferentes equipos, a orden virá establecida pola categoría e taboleiro.
- b) En caso de alinear nun equipo a máis de dous xogadores procedentes do filial, soamente dous poderán regresar ao mesmo. Quedarán alineados definitivamente o/s primeiro/s xogador/es ascendido/s. A partir desta situación, poderá ascender a o/s equipo/s de categoría superior (se os houbera) respetando o número máximo de ascensos por xogador.
Por exemplo: ascenden 3 xogadores (M, N e O), Os xogadores N e O serán os que volven ao filial, quedando alineado no equipo da categoría superior o xogador M.
- c) En caso de ascender en diferentes ocasións a diferentes equipos, tras o 3º ascenso o xogador permanecerá naquel equipo da máxima categoría ao que ascendera. A partir desta situación, poderá ascender a o/s equipo/s de categoría superior (de habelos) respetando o número máximo de ascensos por xogador (3).
- d) O club ten a obrigaón de facer constar estes ascensos no apartado de incidencias do acta do encontro.

3.10. Non haberá límite de xogadores non comunitarios que poden inscribirse e/ou aliñarse en cada encontro en ningunha categoría. Para outros efectos, a consideración de xogador non comunitario quedará sometida á lexislación deportiva nacional vixente.

3.11. Os xogadores daqueles clubs, que con xustificación suficiente, teñan equipos en dúas zonas xeográficas diferentes, serán considerados pertencentes para todos os efectos á zona onde figure o local de xogo do seu equipo, a condición de que o club solicíteo vía correo electrónico á FEGAXA e renuncie a movementos de xogadores entre equipos de diferente zona.

4. SISTEMA E NORMAS DE XOGO.

4.1. O sistema de xogo será o Round-Robin aplicándose os seguintes sistemas de desempate e no mesmo orde:

- a) Sonenborberger por equipos.
- b) Resultado particular.
- c) Sistema Holandés por equipos ata as últimas consecuencias.
- d) Cor do primeiro taboleiro.
agás nos Play-Off, que será o posto obtido na liga regular.



Nas promocións, Play Off ou en outra calquera fase independente de competicióno sistema de desempate a aplicar sería o sistema holandés ata as últimas consecuencias.

Calquera norma de xogo que non se contemple neste regulamento estará rexida polo regulamento de competición en vigor da FIDE e da FEDA.

- 4.2. O número de taboleiros aos que se disputarán os encontros para a categoría de División de Honra e Preferente é de seis e para o resto das categorías é de catro, sendo o resultado dos encontros a suma dos puntos de todos os encontros individuais de cada equipo.
- 4.3. A hora de inicio e o ritmo de xogo establecerao a FEGAXA para todas as categorías e para todo tipo de fases antes do inicio da competición.
- 4.4. Contado desde a hora oficial de comezo do encontro perderase a partida pasada unha hora no caso de non acudir o xogador a sala de xogo. Neste caso restaranse tantos puntos como taboleiros non se presenten á clasificación final do equipo.
- 4.5. De disputarse un encontro no que un equipo non garde a orde de forza, os taboleiros incorrectamente aliñados perden o punto.
- 4.6. No caso de que non se presentasen todos os integrantes dun equipo para disputar un encontro, os presentes aliñaránse do primeiro taboleiro en diante, de forma tal que cubran as ausencias adiantándose a orde de forza. De non facelo así e non cubrir a/s ausencia/s por demora no tempo dalgún xogador/é daranse por perdida/s as partida/s desde ese taboleiro.
- 4.7. Se un equipo excede o 16% de encontros individuais perdidos por incomparecenza de entre todos os encontros individuais que ten que disputar, eliminarase automaticamente da competición e perderá a categoría, co que competirá para a próxima tempada no grupo da categoría de terceira que lle corresponda por proximidade xeográfica ao domicilio social do club ó que pertence. Unha vez iniciada a liga, ningún xogador/a poderá xogar a liga en outro club ou equipo distintos da mesma categoría aínda que non disputara ningún encontro, si podería facelo en equipos de inferior categoría de outro club si tivese permisos de ambos e da federación. Si un equipo non inicia a liga ou causa baixa na mesma, os xogadores/as non poden xogar na mesma categoría nin superiores e tanto o club como o equipo serán sancionados disciplinariamente.

O equipo que se dé de baixa durante a tempada, terá que notificalo por escrito á FEGAXA (por vía correo electrónico). Si este equipo participou no 50% dos encontros xogados, mantería a puntuación obtida e nas roldas posteriores os equipos contrincantes descansarían obtendo a victoria en todos os taboleiros. Se non chegara ó 50% de participación, eliminaríase da clasificación (mantendo o calendario), restaríanse ós equipos que xogaron contra eles os puntos obtidos; e os equipos contrarios descansarían as roldas posteriores.

- 4.8. Se se producise calquera tipo de incidencia e os xogadores ou delegados non se puxesen de acordo na interpretación do Regulamento, deberase xogar



“subcondicione”, isto é, seguirase xogando normalmente a partida e enviarase o acta coa incidencia redactada ao dorso sen emendas nin rachaduras e asinada por ambos os delegados e deportistas, así como as pláncillas orixinais de ámbolos dous. Será obrigatorio indicar o tempo dispoñible por cada xogador no momento da incidencia. O resultado será confirmado, se procede, por resolución do Comité de Competición.

- 4.9. O prazo de presentación de reclamacións dos encontros disputados na L.G.E.C. será dentro dos 4 días seguintes á disputa da rolda.
- 4.10. Os equipos eliminados por incomparecencias reincidentes (atendendo ao estipulado no apartado 4.7), levará unha penalización ao club de non poder dar de alta nesa categoría a ningún equipo na seguinte tempada.
- 4.11. Recoméndase que os Deportistas vaian provistos da súa ficha federativa xunto cun documento acreditativo oficial (DNI, Pasaporte, carné de conducir, etc) e mostralos, se así llo solicitasen, ao delegado de equipo ou rival. Nos encontros nos que os houbera ao árbitro e/ou delegado federativo.

De non dispor da licenza federativa, o xogador deberá presentar un documento acreditativo oficial.

5. LOCAL DE XOGO.

- 5.1. O Club local deberá dispor do local de xogo á hora prevista para o encontro con todo o material preciso para o desenvolvemento e inicio inmediato das partidas, en boas condicións e perfectamente habilitado para o xogo. Os atrasos na apertura ou acondicionamento do local de xogo serán acumulados nos reloxos dos xogadores do equipo local. Se sobre a hora de inicio prevista esta demora excedese os 60 minutos e non se resolvesen estes problemas, o equipo local perderá todas as partidas. Levantase acta por duplicado dando conta das anomalías que provocaron a situación asinada por todos os xogadores e delegados de ambos equipos.
- 5.2. O Club local deberá ter unha copia destes regulamentos (formato papel ou formato dixital) a disposición de calquera que así o solicite e das circulares nas que haxa instrucións para a L.G.E.C.
- 5.3. O local de xogo deberá ter unha amplitude suficiente e proporcional ao número de equipos participantes. Tamén deberá ser un espazo libre de fume, con boa luminosidade e ausencia razoable de rúidos.
- 5.4. Durante a partida está prohibido para calquera persona o uso de teléfonos móbiles, reloxos intelixentes ou calquera outro dispositivo de comunicación na sala de xogo onde se disputen os encontros. A persona, de ser xogador, que incumpra este artigo conlevará a perda da súa partida e se é acompañante/espectador, deberá abandonar inmediatamente o local de xogo. Permitaranse as seguintes excepcións:

- Por causas de saúde

- Por medicación
- Por causas de emerxencia (médicos/pilotos/militares que estén de Guardia, etc.).
- O uso por parte dos Delegados (que non sexan xogadores) en caso de imprevistos dos seus xogadores.

Nestos casos o xogador/delegado deberá informar ao resto de participantes.

- 5.5. Os xogadores que desexen abandonar a sala de xogo deberán avisar, sempre que sexa posible, ao seu delegado de equipo.
- 5.6. Excepcionalmente, a aqueles equipos que polas súas circunstancias especiais teñan dificultades de desprazamentos ou teñan necesidades especiais no seu local de xogo, e que o soliciten á FEGAXA vía correo electrónico, poderá concedérselles xogar todos os seus encontros no seu local de xogo.
- 5.7. Os equipos que teñan xogadores con discapacidade física, na súa condición de visitantes, terán dereito a que o local de xogo non supoña atoparse con problemas de acceso aos diversos espazos físicos aos que precisan acceder, é dicir, que non conteñan barreiras arquitectónicas do tipo gradúes, ramplas de acceso cunha pendente pronunciada, baños e ascensores non adaptados para cadeiras de rodas, etc. Os devanditos equipos solicitarano vía correo electrónico á FEGAXA. Esta fará constar no calendario de xogo o ou os equipos con estes xogadores.

No caso de ser alineado o xogador con discapacidade como visitante nun equipo diferente ao que está inscrito, o seu equipo deberá notificalo á FEGAXA vía correo electrónico, como mínimo, 72 horas de antelación. Se o xogador, a última hora non vai asistir ao encontro, avisarase ao delegado do equipo local cá máis premura posible.

De non contar o equipo local cun lugar de xogo adaptado, comunicará á FEGAXA e ao equipo visitante a dirección do novo local adaptado alternativo, para xogar esa partida. En caso de non dispor de devandito local, o encontro xogarase no local do equipo con xogadores con discapacidade. As circunstancias que afecten a este cambio documentaranse ante a FEGAXA vía correo electrónico.

De incumplir o equipo local este apartado darase a opción de aprazar dito encontro (tendo en conta o estipulado no apartado 6.1: en ningún caso se podrá aprazar encontro algún nas dúas últimas roldas) ou darase por perdidos todos os seus taboleiros por incomparecencia.

6. ADIANTAMENTO DOS ENCONTROS.

- 6.1. O Club que con motivada xustificación desexe aprazar ou adiantar un encontro dalgún dos seus equipos con previo acordo do Club do equipo rival, faranno a través de correos electrónicos dos Presidentes á FEGAXA e, a entrada no



registro da mesma, producírase cun prazo mínimo de catro días antes da celebración do mesmo e esperarán resposta desta, que o fará como mínimo vintecatro horas antes da hora e día fixados para o encontro no calendario oficial. En devandito correo electrónico figurará a data e hora na que se disputará o encontro. Non se considera xustificación motivada circunstancias persoais dos deportistas, xa que un equipo debe ter o número de xogadores suficientes para cubrir estas incidencias. Se mediase causa repentina e de forza maior, e habendo acordo de ambos os clubs, poderase aprazar ata o mesmo momento de disputa da partida, sen necesidade de esperar resposta da FEGAXA, aínda que deba enviarse o correo electrónico á FEGAXA antes da hora de inicio da rolda. En ningún caso poderase aprazar encontro algún nas dúas últimas roldas.

- 6.2. A FEGAXA resérvase o dereito de aprazar calquera encontro sempre que avise aos Clubs cos equipos implicados polo menos con vintecatro horas de antelación ao día e hora fixados para o mesmo no calendario oficial.
- 6.3. No caso de que, autorizados pola FEGAXA, dous equipos disputasen un encontro nunha data distinta da que sinale o calendario oficial, non se poderán aliñar neste encontro os xogadores que participaron con outro equipo noutro encontro correspondente á mesma rolda.

7. ACTAS DOS ENCONTROS.

- 7.1. Os delegados dos equipos deberán levantar o acta do encontro, por duplicado, sen emendas nin rachaduras, cubrindo todos os datos que se solicitan e indicando o nome e apelidos dos deportistas. Será asinada por todos os xogadores e por ambos delegados. Esos datos serán os que se rexistren no XEFEGA.
- 7.2. O Club do equipo local cubrirá a acta electrónica do encontro no programa XEFEGA (Xestión de Competicións), no prazo establecido pola mesma; e deberá de confirmarse por parte do equipo visitante no mesmo prazo. De non facelo, o/s Club/s poderán ser sancionados conforme o apartado 7.6 deste artigo.

A FEGAXA poderá reclamar aos equipos participantes o envío do acta por correo electrónico, en caso de erro no rexistro na acta do XEFEGA, para consultar resultados dudosos ou de presentación dalgunha reclamación. O envío por correo electrónico (acta escanada ou fotografía) poderá ser válida, dentro dos prazos e normas establecidas pola FEGAXA. Cando no resultado dun encontro algún dos dous equipos non obtivera ningún punto, ambos os dous deberán remitir antes de 48 horas (por correo electrónico) o acta do encontro cuberta e asinada por todos os xogadores/as e os delegados.
- 7.3. O Club do equipo local ten obrigaón de poseer modelos oficiais de actas en branco na sala onde se desenvolvan as partidas.
- 7.4. O Club do equipo local e do equipo visitante teñen obrigaón de ter a disposición da FEGAXA as actas dos encontros disputados de todos os seus equipos coas firmas orixinais de todos os xogadores e de ambos delegados ata o final da tempada en vigor.



- 7.5. O Club do equipo local ten obrigación de entregar un modelo oficial de acta do encontro coas firmas orixinais dos xogadores e de ambos delegados ao Club do equipo visitante.
- 7.6. O Club do equipo local que non cumprimente o acta dun encontro segundo o establecido no apartado 7.2 de este artigo aterase ao seguinte:
- A primeira vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, será falta leve e a sanción será amonestación por escrito, vía correo electrónico.
 - A segunda vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, será falta grave e a sanción será de 30 euros.
 - A terceira vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, será falta moi grave e a sanción será de 60 euros.
 - A cuarta vez que un Club incorra na non cumplimentación dun acta electrónica ou na confirmación da mesma por parte do equipo visitante, automaticamente; todos os seus equipos serán eliminados da categoría e grupo nos que participen, perdendo todos os dereitos adquiridos e para ter dereito á inscrición de equipos na tempada seguinte abonará o triplo do importe especificado para equipos.

A FEGAXA poderá establecer a implantación dunha cantidade como fianza no período de inscrición dos equipos.

A cumplimentación do acta motivo de sanción así como o importe económico será efectuado nos tres días seguintes á notificación e de non facelo así se seguirá encrementando o número de faltas.

En caso de non conseguir totalas actas dun equipo eliminado da competición os seus resultados non se terán en conta, indistintamente da rolda na que fose eliminado.

8.- DISPOSICIÓN ADICIONAL.

PRIMEIRO.- O que non esté contemplado neste regulamento, regularase polos regulamentos de competicións oficiais da FEDA e FIDE, no último caso.

SEGUNDO.- No ano 2026 todos os equipos participantes na Liga Galega por equipos de Club deberán ter un local de xogo adaptado para personas con discapacidade física tal e como establece na Lei 03/2014 do 02 de Abril, do deporte de Galicia no apartado 1d do artigo 83 correspondente ao Capítulo III:

Artigo 83. Requisitos das instalacións.

- As instalacións deportivas deberán cumprir as disposicións reguladoras dos seguintes aspectos:
 - Tipoloxía das instalacións
 - Características técnicas, condicións e dimensións.
 - Hixiene e seguridade e prevención de accións violentas.
 - Acceso e utilización polas persoas con algunha discapacidade.**



e. Presenza, asistencia e intervención nas instalacións de técnicos titulados.

No mesmo artigo, no seu punto 2 expón: “Os concellos velarán polo cumprimento da citada normativa en todas as instalacións de uso público que estean no seu termo municipal. O seu cumprimento comprobarase no outorgamento das correspondentes licenzas ou autorizacións.”

TITULO IX - CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB.

Artigo 63º.

Pode ter denominación complementaria de patrocinador ou únicamente como Campionato Galego da federación.

1. Participantes.

Poderán participar nesta competición todos os equipos de clubs galegos, que teñan tramitada a ficha federativa correspondente á tempada da competición do calendario.

O número de equipos participantes verá determinado polas características do local de xogo. Se se limitara o número de equipos participantes, cada club deberá presentar os equipos indicando a prioridade de cada un.

Todo club participante nesta competición, terá unha praza garantizada sempre e cando cumpra o regulamento correspondente.

Cada club poderá presentar tantos equipos como desexe, sempre que o local de xogo o permita e cada un dos seus xogadores e xogadoras, ademais de ter tramitada a ficha federativa individual con ese club, non forme parte, da orden de forza doutro equipo participante.

Queda excluída por tanto a posibilidade de formar equipos con membros de dous ou mais clubs.

Un xogador ou xogadora formará parte dun equipo dende o momento no que o seu club presente o orde de forza dese equipo para a competición

Por tanto queda expresamente prohibido o traspaso de xogadores e xogadoras entre equipos dun mesmo club.

2. Equipos.

Cada equipo estará formado por un mínimo de 6 xogadores e un máximo de 12, dos que 4 xogarán cada enfrontamento, quedando os restantes como suplentes para ese enfrontamento.

Esta aliñación pode variar en cada enfrontamento, podendo aliñar calquera combinación de 4 xogadores dentro da lista presentada.

Os catro xogadores ou xogadoras respetarán en todo momento o orde de forza entregado na inscrición, sendo este válido durante toda a competición. Este orde



de forza consiste nunha lista numerada e ordenada de xogadores e xogadoras e indica en que taboleiro se sentará cada un ou cada unha fronte aos seus rivais. O orde de forza non debe alterarse en ningún momento, dado que ante calquera incidencia están previstos un mínimo de dous suplentes. Non se admitirá ningún retraso nin aprazamento por non estar presentes na sala de xogo no momento de presentarse a incidencia que motive a súa intervención. O equipo que non logre aliñar 4 persoas, quedará automaticamente eliminado, sendo proposto para sanción por parte do comité de competición da FEGAXA.

3. Sistema de xogo:

A organización da competición terá lugar na sala proposta polo organizador ou a federación.

O sistema de competición sería neste caso, preferentemente por sistema suízo, similar aos Campionatos de España de clubs có ritmo de xogo determinado nas bases da convocatoria.

En caso de ser 8 equipos ou menos xogaríase un round robin por equipos.

Para o sistema de desempate teríase en conta o seguinte:

- Para torneos disputados por sistema suízo por equipos:
 - 1º- Puntos de partida, se a clasificación realízase por puntos de encontro.
 - 2º- Puntos de encontro, se a clasificación realízase por puntos de partida.
 - 3º- Resultado particular, cando todos os equipos empatados xogaran entre eles, baseado no mesmo valor que o primer sistema de clasificación.
 - 4º- Sistema Buchholz, baseado no mesmo valor que o primer sistema de clasificación.
 - 5º- Sonneborn-Berger para Campionatos por equipos.
 - 6º- Se continúa o empate cada equipo elixirá a un representante e disputarán unha partida de xadrez rápido, sorteando a cor, a 6 minutos do xogador de brancas contra cinco minutos do xogador de negras.
- Para torneos disputados por sistema liga (máximo 8 equipos):
 - 1º- Puntos de partida, se a clasificación realízase por puntos de encontro.
 - 2º- Puntos de encontro, se a clasificación realízase por puntos de partida.
 - 3º- Resultado particular.
 - 4º- Sonneborn-Berger para Campionatos por equipos.
 - 5º- Se continúa o empate cada equipo elixirá a un representante e disputarán unha partida de xadrez rápido, sorteando a cor, a 6 minutos do xogador de brancas contra cinco minutos do xogador de negras, o ritmo de xogo con incremento equivalente. En caso de taboas declararase vencedor ao xogador de negras. O resultado da partida decidirá o desempate.

O sistema de desempate a aplicar sería neste último caso o que figura no regulamento da liga galega por equipos de club.

3.- DISPOSICIÓN ADICIONAL.

O que non esté contemplado neste regulamento, regularase polos regulamentos de competicións oficiais da FEDA e FIDE, en último caso.

TITULO X - DO CONTROL DO DOPAXE.

Rexirase polo estipulado na Lei do Deporte de Galicia e nos Estatutos da Federación Galega de Xadrez.

Artigo 64º.

Todo xogador federado está obrigado a someterse os controis de dopaxe legalmente establecidos. Quen se negara a unha proba de control de dopaxe durante o transcurso de unha competición, será inmediatamente expulsado da mesma, sin perxucio de outras sancións que lle puderan corresponder.

Artigo 65º.

En todas as competicións será de aplicación o establecido nas leis correspondentes e na regulamentación da FEDA.

TITULO XI - DAS SELECCIÓNS GALEGAS.

Artigo 66º.

1.- Entenderase por Selección Galega o conxunto de participantes representando a FEGAXA nuha proba nacional ou internacional oficial por equipos.

2.- Componse, en xeral, de capitán ou seleccionador, xogadores/as e delegado federativo no seu caso.

Artigo 67º.

Todo xogador federado ten a obriga de acudir as convocatorias da selección galega, tanto si se trata de unha competición como de concentracións ou adestramentos.

Artigo 68º.

Ademáis da selección galega absoluta, a xunta directiva da FEGAXA poderá formar as seleccións galegas que sexan necesarias para a representación de Galicia nas distintas probas nacionais oficiais.

Artigo 69º.

Un conxunto de participantes nunha proba nacional ou internacional oficial, aínda que sexa un campionato individual, clasificados ou desinados pola FEGAXA, terán a consideración de Selección Galega para esa proba determinada.

Artigo 70º.



- 1.- A Xunta Directiva da FEGAXA poderá nomear un Seleccionador que poderá ser o Director Técnico da FEGAXA, que desinará o equipo que represente a Galicia nas competicións que se disputen por equipos de seleccións.
- 2.- O Seleccionador será o responsable da preparación e alineacións que presente o equipo, según os criterios técnicos dos que informará a Xunta Directiva da FEGAXA.
- 3.- Podería nomearse un seleccionador para cada unha das seleccións galegas que se formen.

Artigo 71º.

Si non se nombra seleccionador, a Xunta Directiva, a proposta do Director Técnico da FEGAXA, aprobará os criterios que determinarán a composición da selección galega.

Artigo 72º.

1.- Si non existe seleccionador, a Xunta Directiva, a proposta do Director Técnico da FEGAXA, nomeará un capitán, que non poderá ser membro do equipo como xogador e terá, como mínimo, as seguintes funcións:

- a) Exercerá de Delegado do equipo durante as competicións.
- b) Confeccionará as alineacións de cada xornada ou encontro.
- c) Elaborará unha memoria e informe final da competición unha vez finalizada a mesma.

2.- Podrá nomearse un capitán para cada unha das Seleccións que se formen.

TITULO XII - RECURSOS E RECLAMACIÓN EN COMPETICIÓN.

Artigo 73º.

1.- A interposición de recursos ante o Xuíz Unico de Competición da Federación Galega de Xadrez ou ante o comité de competición, precisarán da constitución dun depósito a tal efecto. Todo o que pretenda interponer recurso, consignará como depósito 50 euros. Asimesmo, para a interposición de recursos ante o Comité de Apelación contra resolucións dictadas polo Xuíz Unico ou comité de competición, precisa a consignación como depósito de 100 euros.

Informarase sobre a necesidade de constitución de depósito para recurrir, así como a forma de efectualo. Non se admitirá a trámite ningún recurso se o depósito non está constituido. Se o recurrente incurrera en defecto, omisión ou erro na constitución do depósito, concederáse a parte o prazo de dous días para a subsanación do defecto; con aportación no seu caso de documentación acreditativa. De non efectualo, dictarase resolución que inadmita o recurso, quedando firme a resolución impugnada.

Se se estimare total ou parcialmente o recurso, na mesma resolución disporáse a devolución da totalidade do depósito.

Cando se desestime o recurso ou o confirme a resolución recurrida, o recurrente perderá o depósito.



FEDERACIÓN GALEGA DE XADREZ



DEPORTE
GALEGO

DISPOSICIÓN DEROGATORIAS

PRIMEIRA.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste Regulamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

PRIMEIRA.

En situacións excepcionais declaradas como estados de alarma, pandemias sanitarias ou similares, facúltase a que polos distintos órganos federativos competentes coma a xunta directiva e/ou comisión delegada poidan regular os calendarios, formas e normas das diferentes competicións para que se poidan desenvolver da forma máis axeitada e axustada ao calendario oficial. Farase mediante normativas aprobadas por esta asemblea ou ditos órganos federativos previamente ás convocatorias de cada competición e publicada mediante as correspondentes comunicacións.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa aprobación pola Comisión Delegada da FEGAXA.

Todalas modificacións entrarán en vigor o día seguinte da súa aprobación polos órganos de goberno correspondentes.

En Vigo, a 22 de Novembro de 2024.